Modifícase o texto do artigo catro relativo ao prazo de presentación de solicitudes, que queda redactado do xeito seguinte:

"PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes exténdese ao longo do ano 2026".

Segundo.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

Carballedo, 14 de outubro de 2026.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel.

R. 2834

PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 08 de outubro de 2026 aprobou inicialmente a modificación de créditos núm. 2026.25, na modalidade de suplemento de crédito núm.03

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Pastoriza, 15 de outubro de 2026.- O alcalde-presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2835

RÁBADE

Anuncio

Advertido error material no decreto de Alcaldía de data 9 de outubro de 2026 de aprobación de bases para a selección de 1 administrativo/a como funcionario/a de carreira por oposición libre (número 2026/0489), e de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, DISPOÑO:

Primeiro.- Rectificar o erro material do mencionado decreto a efectos de engadir no anexo II de solicitude de participación o clausulado informativo relativo aos datos de carácter persoal, no seguinte sentido:

ONDE DI:

"ANEXO II. - MODELO DE INSTANCIA.

D./Dna……, con DNI /NIE número……

e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en ……

……CP……localidade……telf……

Dirección Electrónica Habilitada:……(indicar so no caso de que desexe que as notificacións lle sexan practicadas de xeito telemático)

EXPÓN:

1º).- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección dun administrativo/a segundo as bases publicadas no BOP de data._____

2º).- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base 5ª de selección para participar no presente proceso selectivo e no caso de obter a praza comprométome a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 70/1979.

3º) Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.

4º) Que estou en posesión da seguinte titulación ou en condicións de obtela á data de remate de presentación de solicitudes do presente proceso selectivo: (marcar o que proceda)

Anuncio publicado en: Num BOP 241 año 2026 (21/10/2026 08:00:00)

□ *Certificado CELGA nivel 4 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 4 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014.*

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, achegando estes efectos a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (Marcar o que proceda)

□ *Copia do DNI*

□ *Copia dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación previstos na base quinta.*

□ *No seu caso, ditame técnico facultativo (DTF) e solicitude de adaptación de medios e tempos para persoas con diversidade funcional (Orde PJC/804/2025).*

□ *Xustificante de pago da taxa por dereitos de exame.*

PREFERENCIA DE LINGUA PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS :

□ *Galego*

□ *Castelán*

Lugar e data

Asdo.....

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE RÁBADE."

DEBE DICIR:

"ANEXO II. - MODELO DE INSTANCIA.

D./Dna....., con DNI /NIE número.....

e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en .....

.....CP.....localidade.....telf.....

Dirección Electrónica Habilitada:.....(indicar so no caso de que desexe que as notificacións lle sexan practicadas de xeito telemático)

EXPÓN:

1º).- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección dun administrativo/a segundo as bases publicadas no BOP de data._____

2º).- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base 5ª de selección para participar no presente proceso selectivo e no caso de obter a praza comprométome a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 70/1979.

3º) Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.

4º) Que estou en posesión da seguinte titulación ou en condicións de obtela á data de remate de presentación de solicitudes do presente proceso selectivo: (marcar o que proceda)

□ *Certificado CELGA nivel 4 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 4 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014.*

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, achegando estes efectos a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (Marcar o que proceda)

□ *Copia do DNI*

□ *Copia dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación previstos na base quinta.*

□ *No seu caso, ditame técnico facultativo (DTF) e solicitude de adaptación de medios e tempos para persoas con diversidade funcional (Orde PJC/804/2025).*

□ *Xustificante de pago da taxa por dereitos de exame.*

PREFERENCIA DE LINGUA PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS :

□ *Galego*

Anuncio publicado en: Num BOP 241 año 2026 (21/10/2026 08:00:00)

 Castelán

CLAUSULA INFORMATIVA. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:

Responsable	*Concello de Rábade*
Finalidade	*Xestionar as súas solicitudes á efectos de poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan polo Concello, verificación dos datos aportados e informarlle da tramitación dos procesos.*
Lexitimación	*RXPD: 6.1.c) tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento (Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).* *RXPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local)*
Destinatarios	*Co fin de dar a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados a través dos distintos medios de comunicación institucionais do Concello de Rábade, coma o taboleiro de anuncios electrónico e a páxina web do Concello*
Dereitos, información adicional e contacto co DPD	*Pode solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercitar outros dereitos que lle asistan, mediante correo ordinario ao Concello de Rábade ou por correo electrónico a concello.rabade@eidolocal.es, a través de Rexistro ou mediante a Sede Electrónica. Contacto co DPD e máis información en dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org*

Lugar e data

Asdo.....

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE RÁBADE."

Segundo. - Ordenar a corrección dos documentos que procedan, así como publicar o presente no BOP da provincia de Lugo o presente decreto e dar conta ao Pleno da corporación municipal.

Rábade, 15 de outubro de 2026.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 2836

SARRIA

Anuncio

Mediante Decreto 2026-1604, de data 15/10/2026, o Sr. Alcalde do Concello de Sarria acordou o seguinte respecto da tramitación de urxencia de varios dos procesos selectivos incluídos na OPE 2023

DECRETO DE ALCALDÍA

A Oferta de Emprego Público do Concello de Sarria do ano 2023 inclúe as seguintes prazas respecto das cales se está a tratimar o correspondente proceso de selección para a súa cobertura definitiva, estando na fase de aprobación das bases e pendentes de publicar os anuncios nos boletíns oficiais:

- Informador/a turístico/a (funcionario/a de carreira): bases aprobadas mediante Decreto 2026-1579 de data 09/10/2026.
- 5 Operarios/as de parques e xardíns (persoal laboral fixo-discontinuo por 4 meses): bases aprobadas mediante Decreto 2026-1580 de data 09/10/2026.
- 1 Informador/a turístico (persoal laboral fixo-discontinuo por 4 meses): bases aprobadas mediante Decreto 2026-1574 de data 08/10/2026.
- 6 Operarios/as de camiños veciñais (perosal laboral fixo-discontinuo por 8 meses): bases aprobadas mediante Decreto 2026-1569 de data 08/10/2026
- 2 Tractoristas (persoal laboral fixo-discontinuo por 8 meses): bases aprobadas mediante Decreto 2026-1570 de data 08/10/2026

Todas as bases foron publicadas no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia da sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es

Anuncio publicado en: Num BOP 241 año 2026 (21/10/2026 08:00:00)